

MÚSICAS DO MUNDO 2006-2007

A escolla de 4º ESO B

Traballo: cada un escolleu unha canción que tivo que presentar a toda a clase para logo escoita todos. Todos votaron cada unha das cancións e escribiron as súas impresións persoais. Velaquí un resume da actividade

1.Canción: **Estadio Azteca**. intérprete: Andrés Calamaro. Disco: *Regreso, Luna Park*. Canción aportada por: Mercedes (18-10-06). Puntuación da clase: 7,166

Impresión : *a canción creo que está composta desde os máis profundos sentimentos e ideas que quere expresar a través das súas cancións* (Ramón)



2.Canción: **Cannabis**. Grupo: Ska – p. Disco: *El vals del obrero*. Canción aportada por: Guillermo MT. (25-10-06). Puntuación da clase: 6,406

Impresión: *é unha canción cun toque especial de humor polo que fala da legalización. É unha canción moi fácil de aprender pola súa pegadiza letra* (Álvaro)



3.Canción: **Californication**. Grupo: Red Hot Chilli Peppers. Canción aportada por: Lorenzo (31-10-06). Puntuación da clase: 8,826

Impresión: *A canción é preciosa, gústame moito a música e a voz do cantante. Nunca me cansaría de escoitala.* (Sabela). *É a mellor canción deste grupo, unha canción na que se escoitan todo tipo de instrumentos e con moito ritmo.* (Jaime) *Esta canción gústame moito, polo xeral gústanme case todas as cancións dos Red Ho e esta especialmente porque ao escoitala lémbrome do verán, a praia, os amigos... é un deses temas que soben o ánimo ao escoitalo* (Mercedes)



4.Canción: **Labios Compartidos**. Grupo: Maná. Disco: *Amar es combatir* (8-11-06). Canción aportada por Lucía (31-10-06). Puntuación da clase: 7,433

Impresión: *esta canción gustoume moito porque ten un ritmo moi bo e a letra da canción expresa moitas sensacións, aínda que o estribillo me parece un pouco repetitivo.* (Lorenzo)



5.Canción: **Crazy**. Grupo: Simple Plan. Disco: *Still not getting any...* Canción aportada por: Laura (14-11-06). Puntuación da clase: 7,115

Impresión: *Simple Plan o escoito bastante, teño algún CD, a canción chámase crazy, que significa tolo; o que canta fala de que non entende nada, e fala das distintas sociedades* (María)



6.Canción: **Rock Dj**. Intérprete: Robbie Williams. Disco: *Sing when you're winning*. Canción aportada por: Guillermo MA. (22-11-06). Puntuación da clase: 5,866

Impresión: *esta canción tivo moito éxito en Inglaterra e foi oito veces número 1. Tamén é coñecida en España e ás veces sae na radio e na televisión. Aínda que non se entenda porque está en inglés gusta igual a voz do cantante e o ritmo da canción.* (Laura)



7.Canción: **Fix you**. Grupo: Coldplay. Disco: *X & Y*. Canción aportada por: Óscar (13-12-06). Puntuación da clase: 8,686

Impresión: *Boa canción (letra e música) dun grupo que, cada álbum que saca é mellor e, pouco a pouco, vaime gustando máis. Dentro duns anos, se seguen nesta liña ascendente, poden converterse nun dos grandes conxuntos acutais* (C. Martín)



8.Canción: **I don't wanna miss a thing**. Grupo: Aerosmith. Disco: *Devil's got a new disguise* (19-12-06). Canción aportada por Elisa. Puntuación da clase: 7,900

Impresión: *É unha canción preciosa e moi triste, este grupo ten moitas cancións así e son características deles. Gustoume moito a canción, xa que a coñecía e encántame a letra.* (Óscar)



9.Canción: **The Reason**. Grupo: Hoobastank. Disco: *The reason*. Canción aportada por: Lucía (19-12-06). Puntuación da clase: 7,250. Impresión: *preciosa, perfecta. Unha canción indefiníbel. Bo ritmo, boa letra, unha pasada. Noraboa, Lucía.* (Guillermo MA)




10.Canción: **The saints are coming**. Intérpretes: U2 e Green Day. Disco: *U2 18 singles*. Canción aportada por: Gonzalo (10-1-07). Puntuación da clase: 7,821

Impresión: *Esta canción cantouse na “Super Ball” en Nova Orleans. A canción gústame moito porque a cantan os grandes.* (Lucía)



11.Canción: **Non quero**. Grupo: Herdeiros da crus. Canción aportada por: Álvaro (17-1-07). Puntuación da clase: 7,085

Impresión: *paréceme unha canción moi divertida e entretida, e o que máis me gusta é que estea en galego. É unha canción moi pegadiza.* (Lorenzo)



12.Canción: **“Everybody’s changing”**. Grupo: Keane. Disco: *“Hopes and fears”*. Canción aportada por: Martín (31-1-07). Puntuación da clase: 7,676

Impresión: *Este grupo é bastante bo e as súas cancións tamén e esta creo queé a que máis me gusta do grupo. A verdade paréceme difícil facer boa música sen un instrumento tan importante como a guitarra.* (Gonzalo)



13.Canción: **American Idiot**. Grupo: Green Day. Disco:*American Idiot*.
Canción aportada por: Jaime (7-2-07). Puntuación da clase: 8,250

Impresión: *Paréceme un gran grupo que pode facer historia. O tema é unha crítica contra a sociedade americana. Aínda que a canción é moi boa, hai outras obras no álbum de calidade: Holiday.. É unha boa canción e un grupo excelente* (C.Martín)



14.Canción: **Aí ven o maio**. Intérprete: Luís Emilio Batallán.
Canción aportada por: o profesor de galego (14-2-07)
Puntuación de La Voz de Galicia no 2007: a mellor canción galega

La Voz de Galicia: *o tema **Aí vén o maio** , unha poesía de Curros Enríquez musicada polo compositor pontevedrés Luís Emilio Batallán, obtivo o primeiro posto, Batallán foi finalmente o cantante máis nomeado polos votantes.*



15.Canción: **Boba O' Really**.Grupo: The who. Disco: *who's next*. Canción aportada por: Ramón (27-2-07). Puntuación da clase: 7,833

Impresión: *Non coñecía a canción que creo que é da serie C.S.I New Cork, mais encantoume. O principio é un pouco raro mais a voz e a música é boísima, sobre todo a guitarra eléctrica e cando aparece o violín. Xa coñecía o grupo, que é un clásico do rock e non coñecía que sexan famosos non só pola súa boísima música, senón porque montaban bastante espectáculo rompendo guitarras e baterías e ían de ``heavies`` e sempre aparecen nas fotos e nas portadas dos seus discos coa bandeira do Reino Unido, e o seu símbolo é unha chapa coas cores da bandeira.* (Gonzalo)



16.Canción: **Blind**. Grupo: Lifehouse. Disco: *Lifehouse*. Canción aportada por: Sabela (27-2-07). Puntuación da clase: 7,275

Impresión: *A canción non está mal. O mellor do tema é o estilo utilizado: rock melódico. Queda moi ben este tipo de música no mundo actual. É un dos estilos que se puxo de moda hai uns anos.* (C. Martín)



17.Canción: **Smells like teen spirit**. Grupo:Nirvana. Disco: *Nevermind* (7-3-07). Canción aportada por Alan. Puntuación da clase: 8,050

Impresión: *doulle un 10 a este tema.Creo que é un dos mellores temas de rock da historia da música, e tamén o grupo era fantástico: mágoa que tiveran un final tan trágico. Esta canción transmíteme moitas cousas ao mesmo tempo: alegría, tristeza, inxustiza, enfado,etc.Non sabería dicilo con palabras.* (Elisa)



18.Canción: **Ne partons pas fâchés** – *non marchamos enfadados-*. Grupo: Raphaël. Disco: *La réalité*. Canción aportada por: Lea (14-3-07). Puntuación da clase: 6,833. Impresión: *gustoume como soaba a canción, pero máis aínda por ser o estilo de música que se escoita nun país (Francia) do que non adoitamos ter noticias nese sentido –ao contrario do que pasa con EEUU-* (Guillermo MT)



Polo tanto, o gañador do concurso *Músicas do mundo* foi:

Californication. Grupo: Red Hot Chilli Peppers. Canción aportada por: Lorenzo coa puntuación de: 8,826



E o faroliño vermello de último clasificado para:

Rock Dj. Intérprete: Robbie Williams. Disco: *Sing when you're winning*. Canción aportada por: Guillermo MA. Coa puntuación de: 5,866



(Composición fotográfica: Elisa, Gonzalo e o profesor)

